



CONCELLO DE TORDOIA (A Coruña)
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005
servizos.sociais@tordoia.gal

BANDO

Don **EDUARDO ANTONIO PEREIRO LIÑARES**, alcalde do Concello de **TORDOIA** (A Coruña)

FAI SABER:



Que está aberto o prazo para solicitar a participación no Programa **XUNTOS POLO NADAL 2019**

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Miores e Persoas con Discapacidade organiza este programa de promoción do envellecemento activo e convivencia, destinado ás persoas maiores de 60 anos, que se atopen soas nestas datas, xa sexa por carencia de familiares ou amigos, perda do seu cónxuxe ou por outras circunstancias.

Destino: Residencia de Tempo Libre de Panxón, en Nigrán (Pontevedra), para as persoas solicitantes das provincias de A Coruña.

Datas e servizos

Este programa vaise desenvolver entre o **23 de decembro** de 2019 e o día **7 de xaneiro** de 2020 e comprende os seguintes **servizos**:

- Estancia na residencia durante 16 días (15 noites).
- Aloxamento, en habitacións compartidas, e manutención en réxime de pensión completa.
- Desprazamento en autobús.
- Actividades de animación sociocultural.

A recollida das persoas participantes efectuarase o día **23 de decembro** pola tarde e a volta o día **7 de xaneiro** despois do almorzo.

Prezo da praza

As persoas participantes que teñan uns ingresos inferiores ao IPREM (537,84 €/mes), asistirán de forma gratuíta ao programa, mentres que aquelas cuns ingresos superiores a dito importe contribuirán ao pagamento da estadía coa achega de 50 €.

Solicitudes: Servizos Sociais comunitarios

Prazo de solicitudes: ata o 15 de novembro incluído.

Tordoia a 17 de outubro de 2019

O alcalde

